

Dano Cerebral Galicia imparte unha charla de 'Aproximación ao dano cerebral adquirido' en Castrelo de Miño

- ✧ *A sesión informativa, aberta e gratuíta, vai ter lugar o martes 4 de novembro, ás 17:00 na Aula Multiúsos do Albergue do concello ourensán.*
- ✧ *Falarase das causas, como o ictus, da prevención, das secuelas ou dos recursos de atención a esta discapacidade, que teñen máis de 35.000 persoas en Galicia.*

Santiago de Compostela | Castrelo de Miño, 04/11/2025. Dano Cerebral Galicia, a Federación que reúne as cinco asociacións desta discapacidade que hai na nosa comunidade autónoma, leva o 4 de novembro a Castrelo de Miño unha **charla que ten como obxectivos informar sobre as causas -como o ictus ou os traumatismos cranioencefálicos-**, describir as secuelas, sensibilizar sobre a prevención, e achegar referencias sobre os recursos de atención ao dano cerebral adquirido dispoñibles na contorna da localidade ourensá.

Esta sesión informativa está organizada en colaboración co Concello de Castrelo de Miño, e vai ter lugar o **martes, 4 de novembro, ás 17:00 na Aula Multiúsos do Albergue** (no Parque Náutico). É unha actividade aberta a todo tipo de público, dunha duración estimada de hora e media.

Aínda que a asistencia é de balde, **é preciso inscribirse**. Este trámite pode realizarse chamando ao 988 493 000 (Concello de Castrelo de Miño).

Identificación e prevención do dano cerebral adquirido

O dano cerebral adquirido é **unha discapacidade que teñen en Galicia máis de 35.000 persoas** e que está causada na maioría dos casos por un ictus ou por un traumatismo cranioencefálico (derivado sobre todo de accidentes de tráfico, pero tamén laborais, golpes, caídas...). A súa incidencia incrementouse nos últimos anos, e continúa a medrar, especialmente polo aumento de casos de ictus.

Ese **aumento está motivado tanto polo envellecemento da poboación como polos cambios nos hábitos de vida** (peor alimentación, máis sedentarismo, estrés, e moitos outros), ambos factores de risco do ictus. Ademais, o desenvolvemento da atención médica de emerxencias provoca que se salven vidas que continúan, pero con discapacidade adquirida.

Durante a sesión informativa achegaranse recomendacións para a prevención, así como nocións sobre como identificar un ictus, describíranse as secuelas -moitas delas invisibles, como as condutuais, emocionais ou as cognitivas-, detallando as principais **necesidades das persoas e familias con dano cerebral adquirido**, e ofrecerase todo o abano de recursos de atención dispoñibles.

Apoio institucional

Ademais do apoio do Concello, Dano Cerebral Galicia conta para esta actividade co respaldo da Escola Galega de Saúde para Cidadáns (da Axencia de Coñecemento en

Dano Cerebral Galicia

Rúa Galeras, 7, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de Compostela

881 943 148 • 654 866 967 • comunicacion@danocerebralgalicia.org (Irene Cancelas Sánchez, responsable de comunicación)

www.danocerebralgalicia.org

Saúde, dependente do Sergas) e co financiamento da Consellería de Política Social e Igualdade, dentro dos programas con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF; é dicir, que se organiza grazas ás persoas que marcan 'X Solidaria' na súa declaración da renda.

Dano Cerebral Galicia -ata 2024 Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)- é a entidade que une e representa as cinco asociacións de dano cerebral adquirido que hai en Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo. Xuntas aglutinan a máis de 2.300 persoas socias.

O dano cerebral adquirido é unha discapacidade que está causada case sempre por un ictus (78% dos casos), pero tamén por traumatismos craneoencefálicos, tumores cerebrais, anoxias ou infeccións. Produce unha serie de secuelas -moitas delas invisibles, provocando unha enorme incompreensión- que se manifestan en diferente medida e cantidade en función da persoa, e que impactan a nivel físico, sensorial, cognitivo, condutual, emocional, traendo tamén fondas repercusións a nivel social e económico. Hai máis de 35.000 persoas con dano cerebral adquirido en Galicia.